

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****SALVATERRA DE MIÑO****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN EN CURSOS DE VERÁN*

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria en data 24 de maio de 2019 acordou o establecemento do prezo público seguinte, dispoñendo a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia:

ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN EN CURSOS DE VERÁN ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO**ARTIGO 1.- CONCEPTO**

De conformidade co previsto nos artigos 41 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ao Concello de Salvaterra de Miño, na súa calidade de Administración Pública Territorial, polos artigos 4, 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85, de 2 de abril reguladoras das Bases de Réxime Local, establece os prezos públicos pola realización de cursos de verán organizados polo Concello de Salvaterra de Miño.

ARTIGO 2.- NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO

A obriga de pagamento nace pola realización de actividades (cursos de verán) que teñen a consideración de lúdico-educativas e son realizadas polos nenos fora do calendario escolar, xunto a profesionais que promoven a educación e entretemento dos menores no tempo libre e así mesmo promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

ARTIGO 3.- OBRIGADOS AO PAGAMENTO

1. Están obrigados ao pago dos prezos públicos regulados nesta ordenanza, aqueles que soliciten a inscrición nos cursos descritos na presente ordenanza.
2. As cotas líquidas pola efectividade destes prezos públicos recaerán sobre os/as pais/nais, titores/ as ou encargados/ as participantes menores de idade.
3. O obrigado ao pagamento deberá:
 - a) Formalizar cantas declaracións e comunicacións esixanselles para cada prezo público.
 - b) Facilitar a práctica de comprobacións e inspeccións, así como a entrega dos datos, antecedentes e xustificantes que lles sexan solicitados.



Mércores, 12 de xuño de 2019

Núm. 111

ARTIGO 4.- OBRIGACIÓN AO PAGAMENTO

A obrigación de pagar o prezo público regulador na presente ordenanza, nace no momento da inscrición ou matriculación na actividade que se vaia a realizar.

ARTIGO 5.- COTA

A contía do prezo público regulado nesta ordenanza, será a que a continuación se relaciona:

Nome do curso	Datas	Prezo
Deseña a túa chapa e camiseta	22,23 e 24 de xullo	5,00 €
Inglés de verán	Mércores de xullo e agosto	5,00 €
Crea o teu propio vídeo xogo	1-13 agosto	5,00 €
Cociña e dietética	8-18 xullo	5,00 €

Os prezos establecidos inclúen IVE para aquelas actividades non exentas desta imposición.

ARTIGO 6.- REDUCIÓNS NOS PREZOS PÚBLICOS (EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS)

Atópanse exentos do pagamento dos prezos públicos regulados nesta ordenanza:

A.1. Os menores que, no seu caso, sexan derivados polo Departamento de Servicios Sociais deste Concello.

Bonificacións:

B.1. As familias numerosas terán dereito a unha bonificación do 25% dos prezos públicos regulados nesta ordenanza.(Non acumulables con outras bonificacións)

B.2. Coa inscrición de dos fillos, o segundo terá dereito a unha bonificación do 10%.(Non acumulables con outras bonificacións)

ARTIGO 7.- NORMAS DE XESTIÓN

1. O prazo para presentación de solicitudes realizarase co que oportunamente indique Departamento correspondente do Concello. Os interesados en ser beneficiarios dos servizos mencionados presentarán a solicitude de inscrición nos modelos oficiais. Igualmente deberán comunicar calquera variación que se produza posteriormente.
2. O importe do prezo público deberá ser ingresado na entidade bancaria que se determine para o efecto.



Mércores, 12 de xuño de 2019

Núm. 111

3. En ningún caso procederase á devolución do importe ingresado, salvo que non se preste o servizo por causa imputable á propia administración municipal ou por causa de forza maior imputable ós nenos (sempre que se atope debidamente acreditado).
4. A débeda poderá esixirse polo procedemento administrativo de apremio.

DISPOSICIÓN FINAL

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Documento asinado electronicamente ó marxe.

O alcalde en funcións
Arturo Grandal Vaqueiro

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 9WDP19PK62DYF9X

